



**ACTA Nº 3 DA MESA DE CONTRATACIÓN.
CONTRATO “SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR E DÚAS ROZADORAS FORESTAIS.
CONCELLO DE PORTO DO SON”.**

ASISTENTES:

Presidente:

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

Vogais:

- D^a. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D. Antonio Romero Ribeiro (Concelleiro Delegado P. Económica)
- D^a. M^a Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

Secretaria:

- D^a. M^a Carmen Monzón Rodríguez (auxiliar administrativa do Concello).

HORA DE INICIO: 11:05 horas.

HORA DE REMATE: 11:25 horas.

Nas dependenzas da Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **14 de novembro de 2017**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato “Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son” (cláusula 17^a do prego de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

ÚNICO.- Acto público de apertura do sobre nº 3 (“Criterios avaliados automaticamente”) presentada polos licitadores no procedemento para adxudicar o contrato “Subministración dun tractor e dúas rozadoras forestais. Concello de Porto do Son”.

Non asiste ao acto público ningún representante dos empresarios licitadores.

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello procede a dar conta dos seguintes extremos:

a) Empresarios que concorreron á licitación: COMERCIAL VEIRAS, S.A., FARIÑA MAQUINARIA, S.L., HERMANOS TOIMIL GARCÍA, S.L., HERMANOS VILLAR, S.L., LISTE MAQUINARIA AGRÍCOLA, S.L. e MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE, S.L.

b) Empresarios excluídos do procedemento e causas da exclusión: ningún.

c) Puntuación obtida polos empresarios na fase de valoración dos “Criterios avaliados mediante xuízo de valor” (sobre nº 2):

- MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE, S.L.: 17,00 puntos.
- FARIÑA MAQUINARIA, S.L.: 15,00 puntos.
- HERMANOS VILLAR, S.L.: 14,00 puntos.
- COMERCIAL VEIRAS, S.L.: 14,00 puntos.
- HERMANOS TOIMIL GARCÍA, S.L.: 12,00 puntos.
- LISTE MAQUINARIA AGRÍCOLA, S.L.: 12,00 puntos.

De seguido, procédese á apertura, por orde alfabético, do sobre nº 3 ("Criterios avaliados automaticamente") das proposicións presentadas polos empresarios admitidos na licitación, resultando as seguintes ofertas:

- **COMERCIAL VEIRAS, S.A.:**
 - Ampliación do prazo de garantía:
 - Tractor: 0 meses.
 - Rozadoras: 0 meses.
 - Redución do prazo de entrega: 0 días.
 - Oferta económica (sen IVE): 90.000,00 euros.
- **FARIÑA MAQUINARIA, S.L.**
 - Ampliación do prazo de garantía:
 - Tractor: 0 meses.
 - Rozadoras: 0 meses.
 - Redución do prazo de entrega: 19 días.
 - Oferta económica (sen IVE): 90.000,00 euros.
- **HERMANOS TOIMIL GARCÍA, S.L.**
 - Ampliación do prazo de garantía:
 - Tractor: 24 meses.
 - Rozadoras: 24 meses.
 - Redución do prazo de entrega: 0 días.
 - Oferta económica (sen IVE): 87.000,00 euros.
- **HERMANOS VILLAR, S.L.**
 - Ampliación do prazo de garantía:
 - Tractor: 13 meses.
 - Rozadoras: 12 meses (fai constar "en pezas de fundición").
 - Redución do prazo de entrega: 1 días.
 - Oferta económica (sen IVE): 81.404,00 euros.
- **LISTE MAQUINARIA AGRÍCOLA, S.L.**
 - Ampliación do prazo de garantía: non oferta.
 - Redución do prazo de entrega: non oferta.
 - Oferta económica (sen IVE): 89.675,00 euros.
- **MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE, S.L.**
 - Ampliación do prazo de garantía:
 - Tractor: 60 meses.
 - Rozadoras: 24 meses.
 - Redución do prazo de entrega: fai constar "30 días".
 - Oferta económica (sen IVE): 88.758,00 euros.



Concluído o acto público de apertura do sobre nº 3, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Rexeitar, de conformidade co previsto na cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares, a oferta presentada polo empresario MAQUINARIA AGRÍCOLA DEL NOROESTE, S.L. no referido ao criterio de adxudicación "Redución do prazo de entrega" por incorrer en erro manifesto.

Segundo.- Solicitar aos servizos municipais informe de valoración das proposicións presentadas polos licitadores, no referido aos criterios de adxudicación avaliábeis automaticamente (sobre nº 3).

Porto do Son, 14 de novembro de 2017.

Presidente,

D. José Luis Oujo Pouso.

Vogal,

D.ª María José Maneiro Quintáns.

Vogal,

D. Antonio Romero Ribeiro .

Vogal,

D.ª. M.ª Mar Liruela Delgado.

Vogal,

D. José Manuel González García.

Secretaria,

D.ª. M.ª Carmen Monzón Rodríguez.

